



## Concello de Oza-Cesuras

### DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a providencia desta Alcaldía do 15 de xullo de 2021, pola que se acorda aprobar as bases e convocar o proceso selectivo para a contratación laboral temporal das persoas que durante 9 meses a xornada completa cubrirán as 2 prazas de oficiais forestais para o Programa do Fomento de Emprego no medio rural (APROL RURAL) da Consellería de Emprego e Igualdade para “traballos de silvicultura, limpeza, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos de Oza-Cesuras (anualidade 2021)

Resultando que publicado o correspondente anuncio na páxina web do concello, presentáronse, en tempo e forma, segundo certificación expedida pola encargada do rexistro xeral municipal, as seguintes solicitudes:

NOME E APELIDOS	DNI
JOSÉ ANTONIO MÉNDEZ CARRACEDO	76358071A
ISMAEL OIS SÁNCHEZ	79334999H
JUAN ANTONIO REGUERO CERNADAS	32782361R

Resultando que, unha vez levada a cabo pola comisión seleccionadora a valoración da fase de concurso e realizado o chamamento en dúas ocasións dos aspirantes para a realización da primeira proba da fase de oposición resulta que únicamente comparecen D. Ismael Ois Sánchez e D. Juan Antonio Reguero Cernadas.

Vista a proposta da comisión seleccionadora para a dita contratación na que aplicando por analogía o disposto na base sétima das que reñen a contratación na que se indica que *“No caso e que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas para cada un dos postos ofertados, e sempre que reúnan os requisitos esixido na convocatoria, non será preciso a realización do proceso de selección”* e tendo en conta que o número de candidatos coincide co número de prazas ofertadas acorda non continuar co proceso selectivo e propoñer a contratación dos candidatos D. Ismael Ois Sánchez e D. Juan Antonio Reguero Cernadas, en virtude das atribucións que me son conferidas pola normativa vixente en materia de réxime local, resolvín:

**Primeiro.-** Contratar aos únicos candidatos presentados ao proceso selectivo para a contratación laboral temporal das persoas que durante 9 meses a xornada completa cubrirán as 2 prazas de oficiais forestais para o Programa do Fomento de Emprego no medio rural (APROL RURAL) da Consellería de Emprego e Igualdade para “traballos de silvicultura, limpeza, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos de Oza-Cesuras (anualidade 2021), que son os seguintes:

- Ismael Ois Sánchez
- Juan Antonio Reguero Cerandas





## Concello de Oza-Cesuras

---

**Segundo.-** Comunicar aos seleccionados, mediante chamada telefónica ao números de teléfono que constan no expediente, que deberán presentar antes das 15:30 horas do día de hoxe, os documentos acreditativos que procedan, dos previstos na base oitava das que rexen a convocatoria e, unha vez presentada ésta, proceder á formalización do correspondente contrato.

**Terceiro.-** Dar traslado da anterior listaxe e demais datos necesarios, á Xestoría Administrativa para que proceda a dalos de alta na Seguridade Social e comunicarlle que a formalización do contrato realizarase conforme ao previsto na lexislación vixente e na modalidade do contrato de traballo de interese social prevista no artigo 15 da Orde do 12 de abril de 2021 (DOG núm. 73, do martes 20 de abril de 2021).

Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

**Dou fe,**

**O ALCALDE,**

**Asdo.- J. Pablo González Cacheiro**

**O SECRETARIO,**

**Asdo.- José C. Sánchez Presedo**

